

XXXI CARREIRA A PÉ DE LIRA

REGULAMENTO OFICIAL 2026

DATA: Sábado, 01 de agosto de 2026

PATROCINA: Stolt Sea Farm, S.A.

LUGAR: Mar de Lira, Carnota

COLABORA: Concello de Carnota e Deputación da Coruña

PROMOVE: Asociación Cultural Canle - Lira

CRONOMETRAXE: Champion Chip Norte (ccnorte.com)

1. DATOS XERAIS

A **Asociación Cultural Canle**, en colaboración co **Concello de Carnota**, **Deputación da Coruña** e co patrocinio de **Stolt Sea Farm, S.A.**, organiza o **sábado 01 de agosto de 2026** a XXXI Carreira a Pé de Lira.

A competición está aberta á participación de persoas de todas as idades, tanto nenos/as como adultos/as, conforme aos requisitos establecidos nas presentes bases.

2. CATEGORÍAS, ANOS DE NACEMENTO, HORARIOS E PREZOS

Categoría	Ano de nacemento	Distancia (aprox.)	Horario de saída (aprox.)	Prezo
Pitufo (Mixta)	2019 e posteriores	200 m	18:30 h	3,00 €
Cativos I (Benxamín + 2º ano Prebenxamin)	2016 - 2018	400-600 m	18:40 h	3,00 €
Cativos II (Alevín + Infantil)	2012 - 2015	1.500 m	19:00 h	3,00 €
Carreira 3.5k (Cadete)	2010 e 2011	3.500 m	19:20 h	3,00 €
Carreira 3.5K (Xuvenil* + Senior + Veteranos)	2009 e anteriores	3.500 m	19:20 h	8,00 €
Carreira 8.5K (Absoluta)	2009 e anteriores	8.500 m	19:50 h	8,00 €
Carreira 8.5K (M50)	1976 e anteriores	8.500 m	19:50 h	8,00 €

3. NORMATIVA XERAL

- 1. Control técnico:** A carreira estará controlada mediante cronometraxe electrónica con chip e persoal técnico de Champion Chip Norte en colaboración co comité organizador da A.C. Canle.
- 2. Saída e meta:** A saída e a meta estarán situadas na zona de Mar de Lira, segundo o plano oficial da proba publicado pola organización.
- 3. Seguridade Viaria:** Os/as participantes deberán seguir en todo momento o percorrido sinalizado e as indicacións do persoal da organización. Quen abandone o percorrido establecido ou circule fóra das zonas controladas pola organización será considerado usuario normal da vía pública, asumindo integramente a súa responsabilidade.
- 4. Dorsais:** O dorsal deberá colocarse de forma visible na parte dianteira do corpo durante toda a proba, sen manipulalo, dobralo nin recortalo.
- 5. Descalificacións:** Será descalificado/a calquera participante que non complete o percorrido oficial, non leve o dorsal visible, participe sen chip (nas categorías onde sexa obrigatorio), mostre un comportamento antideportivo ou non respecte as indicacións da organización.
- 6. Participación sen inscrición:** Queda prohibida a participación de persoas non inscritas. Quen participe sen estar oficialmente inscrito farao baixo a súa exclusiva responsabilidade e non estará cuberto polos seguros da proba nin terá dereito a clasificación, premios ou agasallos.
- 7. Responsabilidade e seguro:** A organización contará cos correspondentes seguros de responsabilidade civil e accidentes conforme á normativa vixente. Cada participante toma parte na proba baixo a súa propia responsabilidade, declarando atoparse en condicións físicas adecuadas para a súa realización.
- 8. Condición física e info. médica:** Recoméndase comunicar á organización ou indicar no dorsal calquera información médica relevante que poida ser necesaria en caso de emerxencia.
- 9. Atención médica:** A organización disporá de servizo de ambulancia e persoal sanitario durante o desenvolvemento da proba para atender as incidencias que poidan producirse.
- 10. Instalacións e servizos:** A organización poderá habilitar servizos complementarios de gardarroupa, aseos e duchas, que serán comunicados previamente ás persoas participantes.
- 11. Limite de participantes:** Establécese un máximo de 500 participantes entre todas as categorías da proba.
- 12. Limite de tempo (Carreira 8,5K):** O control de chegada pecharase 40 minutos despois da entrada en meta do primeiro clasificado absoluto.
- 13. Avituallamento:** Na carreira de 8,5 km haberá un punto de avituallamento líquido intermedio situado na zona de Susiños, ademais do avituallamento final en meta.
- 14. Vehículos autorizados:** Unicamente poderán seguir a proba os vehículos autorizados pola organización.
- 15. Retiradas:** En caso de abandono da proba, a persoa participante deberá comunicalo o antes posible ao persoal da organización.
- 16. Participación con animais:** Non estará permitida a participación acompañada de animais durante o desenvolvemento da proba.
- 17. Protección de datos (RGPD):** En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 e da normativa vixente en materia de protección de datos, os datos persoais facilitados serán tratados pola Asociación Cultural Canle coa finalidade exclusiva de xestionar as inscricións, a cronometraxe, a clasificación e a seguridade da proba.
- 18. Dereitos de imaxe:** A inscrición na proba implica a autorización para a captación e utilización de fotografías e vídeos realizados durante o evento para a súa difusión en medios de comunicación, páxinas web e redes sociais oficiais coa finalidade de promocionar a actividade deportiva.

19. Aceptación do regulamento: A participación na proba implica a aceptación íntegra do presente regulamento e das decisións adoptadas pola organización para a súa correcta aplicación.

20. Modificacións e forza maior: A organización resérvase o dereito de modificar horarios, percorridos ou calquera aspecto relacionado coa proba, así como de suspendela temporal ou definitivamente, cando existan causas de forza maior, condicións meteorolóxicas adversas ou circunstancias que poidan comprometer a seguridade das persoas participantes ou da organización.

4. INSCRICIÓNS

1. Plataforma de inscrición: Realizarase exclusivamente en liña a través da páxina oficial: <https://ccnorte.com/>

2. Prazo de inscrición: O prazo estará aberto ata o **xoves 30 de xullo de 2026 ás 23:59 h** ou ata completar o límite de prazos. Non se admitirán inscricións fóra de prazo nin o propio día.

3. Custos de inscrición:

- Categorias nadas en 2010 e posteriores: **3,00 €**
- Categorias nadas en 2009 e anteriores: **8,00 €**

4. Datos obrigatorios: NIF/DNI, Nome e Apelidos, Data de Nacemento, Sexo, Teléfono e Correo Electrónico.

5. A inscrición inclúe a camiseta oficial do evento, ademáis do dorsal, auga e froita a modo de avituallamento.

6. Recollida de Dorsais: Entregaranse na carpa de Mar de Lira dende as **16:30 h (aprox.)** do día da proba.

5. CLASIFICACIÓNS, PREMIOS E TROFEOS

** Os premios non son acumulativos. Os/as atletas que obteñan trofeo na Clasificación Xeral Absoluta quedarán excluídos das clasificacións das súas respectivas categorías por idades a efectos de trofeos, correndo a quenda ao seguinte clasificado/a*

Categoría	Premio	Beneficiarios
Categorías Base — Pitufo e Cativos I (non competitivos)		
Pitufo (Mixto)	Medalla conmemorativa	Para todos os participantes ao cruzar a meta
Cativos I	Medalla conmemorativa	Para todos os participantes ao cruzar a meta
Cativos II — Distinción por subcategoría para trofeos		
Cativos II — Alevín (2014-2015)	2 Trofeos	1º clasificado M e 1ª clasificada F
	4 Medallas	2º e 3º clasificados de ambos sexos
Cativos II — Infantil (2012-2013)	2 Trofeos	1º clasificado M e 1ª clasificada F
	4 Medallas	2º e 3º clasificados de ambos sexos
Carreira 3.5K — Distinción por subcategoría para trofeos		
3.5K — Cadete	2 Trofeos	1º clasificado M e 1ª clasificada F
	4 Medallas	2º e 3º clasificados de ambos sexos

Categoría	Premio	Beneficiarios
3.5K — Xeral Absoluta (Senior, Veteranos)	6 Trofeos	1º, 2º e 3º clasificados M e F (*Nota: Categoría xuvenil non opta a trofeo en modalidade 3.5K)
Carreira 8.5K		
8.5K — Xeral Absoluta (Xuvenil,Sénior,Veterano)	6 Trofeos	1º, 2º e 3º clasificados M e F
8.5K — Xuvenil	2 Trofeos	1º clasificado M e 1ª clasificada F
	4 Medallas	2º e 3º clasificados de ambos sexos
8.5K — Veteranos M50	6 Trofeos	1º, 2º e 3º clasificados M e F (≥50 anos)
Premio Local		
Mellor Liracho/a (8.5K Absoluta)	2 Trofeos	1º corredor local M e 1ª corredora local F